

[Almorzos cooperativos virtuais]

Networking Interxeracional: novas cooperativas e cooperativas veteranas

[Actividade apoiada pola Rede Eusumo e o Programa operativo de inclusión social e economía social (POISES)]

DATAS REALIZACIÓN	Mércores 9 de Xuño de 2021	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	09:30 – 11:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	On-line (plataforma virtual)		
PERSONA DE CONTACTO	Tino Gago Conde	TELÉFONO	881 887 456
		E-MAIL	tino@espazo.coop

FINALIDADE E OBOECTIVOS

Desenvolver un encontro que poida servir para **que as participantes accedan a información mutua**, achegada a través de persoas socias. Será un encontro informativo e de **intercambio**, para divulgar entre as participantes as experiencias, xeitos de traballo e información sobre actividades que desenvolven as cooperativas veteranas con traxectoria e as novas cooperativas. Un encontro interxeneracional para a aprendizaxe mutua, posibilidades de colaboración e alianzas.

Búscase:

- Dar a coñecer as actividades, produtos e servizos das cooperativas **fomentando as redes de colaboración e coñecemento mutuo**.
- Informar sobre programas en marcha e fitos das participantes.
- Estimular o debate e a participación sobre necesidades e problemáticas comúns

PROGRAMA

- 09:30 h. - Benvinda das persoas e entidades.
- 09:45 h.- Dinámica de presentación mutua: Quen somos? Que facemos? Que precisamos?.
- 10:45 h.- Claves a ter en conta para a presentación das axudas.
- 11:25 h.- Coloquio aberto por grupos de interese.
- 11.30 h.- Peche da Xornada.

CONTIDOS

- No marco dos Almorzos Cooperativos Dixitais que facilitan a presenza virtual das persoas e entidades, ESPAZOCOOP levará a cabo esta xornada de networking para fomentar o coñecemento e aprendizaxe mutuo e posibilidades de colaboración.
- Trala realización do encontro enviarase unha pequena enquisa de avaliación na que tamén se recollerán outras propostas de intercooperación ou contidos para outros encontros.

METODOLOXÍA

Proponse un método de traballo que combina a presentación inicial, coa discusión de casos, reflexións de grupo ou debates que serven para estimular e ordenar o intercambio entre participantes
Os Almorzos Cooperativos Dixitais desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

DIRIXIDO A

- Cooperativas, persoas socias e responsables.
- Grupos de emprendemento cooperativo.
- Empresas en proceso de transformación á cooperativa.
- Persoal técnico e político de entidades relacionadas co fomento do cooperativismo (asociacións de cooperativas, oficinas de fomento cooperativo, entidades da Rede Eusumo, etc.

Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2021 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo e Economía Social do Goberno de España.
- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT 8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.